



AXENCIA DE DOAZÓN
DE ÓRGANOS
E SANGUE



CAMPAÑA ESPECIAL DE DOAZÓN DE SANGUE

UN ALENTO DE VIDA

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2-6

15705 Santiago de Compostela

T. +34 881 546 900 - 900 100 828

promocion.ados@sergas.gal

ados.sergas.gal





Verán solidario

O verán é a época do ano de **maior dificultade** para acadar as doazóns de sangue que precisan os hospitais galegos para atender a milleiros de doentes. Por iso, é necesario impulsar unha **campaña informativa especial**, desde o **15 de xuño ata o 31 de agosto**, para sensibilizar da importancia deste acto solidario.

Este verán solicitamos a colaboración dos **concellos** para achegar a información sobre a doazón de sangue ao tecido asociativo (asociación de veciños, culturais, deportivas, ...), antes da chegada da unidade móbil a cada localidade, por correo electrónico ou por calquera outro medio. É preciso achegar á veciñanza:

1. Un **folleto informativo** coa información básica sobre a doazón de sangue e a data na que se despraza a unidade móbil de ADOS e que atenderá ás persoas que desexan doar sangue.
2. Un **vídeo** (<https://www.youtube.com/watch?v=wzKoTglprlY>) para sensibilizar sobre a importancia de doar sangue neste verán.
3. Tamén é importante que a información desta campaña especial sexa difundida na **web e redes sociais** de cada concello.

O obxectivo desta campaña é informar á veciñanza e dar as máximas facilidades co desprazamento das unidades móbiles de ADOS a máis de **170 concellos galegos**, que realizarán arredor de **800 desprazamentos** para achegar a doazón de sangue ás cidades, vilas e parroquias de Galicia.

Coa suma de esforzos de todos será posible acadar as máis de **20.0000 doazóns de sangue** que precisan os hospitais galegos durante este verán, para atender a preto de **6.500 doentes** que requiren tratamento con compoñentes do sangue para recuperar a saúde.



A **Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)**, dependente da Consellería da Sanidade, envía compoñentes sanguíneos as 24 horas do día a todos os hospitais de Galicia para atender a actividade asistencial e facer fronte ás urxencias.

*Os hospitais precisan máis de **400 doazóns de sangue cada día***

Dez unidades móbiles percorren Galicia para atender as persoas que desexan realizar este acto altruísta. As doazóns de sangue recollidas nas unidades móbiles e nos **locais de doazón** situados nas grandes cidades, envíanse a diario ás nosas dependencias centrais para o seu procesamento, análise e conservación.

Establécese con cada hospital unhas reservas de seguridade de cada grupo sanguíneo e, **cada día**, envíanse os compoñentes sanguíneos que precisan para atender a todos os pacientes.



O sangue **non se pode fabricar** e todos os días é vital para enfermos que se teñen que operar, que sufriron accidentes de tráfico ou laborais, que padecen anemias, hemorraxias, para realizar transplantes de órganos, para axudar a enfermos de cancro ou leucemia,...

Os hospitais galegos atenden **cada día** unha media de **2.800 urxencias**, máis de **800 intervencións cirúrxicas** e **1 transplante de órganos**.

Marco legal

Dende 1985 a doazón de sangue defínese como un acto **voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto** (RD 1945/1985 de 9 de outubro do Ministerio Sanidad e RD 1088/2005 do 16 de setembro).

A Consellería de Sanidade elabora o seu marco normativo co Decreto 462/1990, de 20 de setembro e o Decreto 100/2005 do 21 de abril, que adapta a normativa Europea e reafirma a **gratuidade** deste xesto solidario:

RD 1988/2005. Artigo 3º. Apartado 1: “A doazón de sangue ou algún dos seus compoñentes constituirá sempre un acto de carácter voluntario e gratuíto e, en ningún caso, existirá retribución económica para o doador nin se esixirá ao receptor prezo ningún polo sangue recibido”



Unha intervención cirúrxica pode precisar **2 bolsas** de glóbulos vermellos.

Nalgúns accidentes de tráfico e transplantes de fígado chégase a utilizar o sangue que doan **10 ou 20 persoas**.

Nunha leucemia ou nun transplante de medula ósea precisamos as plaquetas obtidas entre **200 e 500 doazóns de sangue**.

A doazón de sangue

É un acto **seguro**, sinxelo e necesario para axudar a moitas persoas. En xeral, poden doar sangue persoas **maiores de 18 anos** (e ata 70 anos), con **maís de 50 quilos de peso** e que non padezan nin teñan padecido enfermidades transmisibles polo sangue (hepatite B, hepatite C, sífilis, VIH,...).

Non acudir sen almorzar pola mañá e despois de xantar ao mediodía hai que deixar pasar 2 horas.

- **Entrevista:** Antes da doazón, un médico realiza unha entrevista e un exame médico básico para **preservar a saúde do doador** e protexer ao futuro receptor dos compoñentes sanguíneos.

Mídese o pulso, a tensión sanguínea e, cunha pinga de sangue dun dedo, o nivel de hemoglobina para desbotar unha anemia.

- **Doazón:** Dura de 5 a 7 minutos. O persoal sanitario emprega **material estéril e dun só uso**.

Durante a doazón, **non hai ningunha posibilidade** de contraer enfermidades transmisibles polo sangue e **non debilita** o noso organismo.

- **Recuperación:** Ao rematar, o doador toma **auga ou refrescos** para que o volume de líquido extraído (450 ml) sexa recuperado case de inmediato.

Aos poucos días, envíase os resultados das análises realizadas, para coñecer o seu estado de saúde.



Utilidade

De cada doazón de sangue obtemos **tres compoñentes** sanguíneos, que utilízanse para axudar a máis de **30.000 de doentes** cada ano:

- **Glóbulos vermellos:** Para intervencións cirúrxicas, transplantes de órganos, hemorrxias por accidentes de tráfico,... Duran ata 42 días.
- **Plasma:** Contén proteínas para o tratamento de grandes queimados, enfermidades crónicas, transplantes de fígado,... Consérvase ata 2 anos
- **Plaquetas:** Para o tratamento de enfermos con cancro, leucemia o linfoma, en transplantes de medula ósea,... Tan só duran 7 días.

*Unha doazón de sangue pode beneficiar a máis dun enfermo,
xa que os tres compoñentes sanguíneos adoitan utilizarse por separado*

Precisamos cada día doazóns de sangue de todos os grupos sanguíneos, aínda que tamén desenvolvemos campañas para concienciar a un grupo especial de doadores universais, moi importantes nas urxencias. Sangue **cero negativo** hai pouco - só 7 de cada 100 doadores - e urxencias moitas tódolos días.



AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2-6

15705 Santiago de Compostela

T. +34 881 546 900 · 900 100 828

promocion.ados@sergas.gal

ados.sergas.gal





A doazón de sangue en Galicia

En 1993, Galicia ocupaba o penúltimo lugar de España en taxa de doazón de sangue (**25 doazóns por cada 1.000 habitantes**). Coa posta en marcha de intensas campañas informativas e co incremento das facilidades, desprazando cada día 10 unidades móbiles aos concellos e cos locais de doazón nas grandes cidades, logrouse unha progresiva concienciación da cidadanía.

As **105.337 doazóns** de sangue do 2025 representan **39 doazóns por cada 1.000 habitantes**, preto das cifras recomendadas pola Organización Mundial da Saúde (OMS).

	2024		2025	
	DOAZÓNS	Taxa Doazón	DOAZÓNS	Taxa Doazón
A CORUÑA	47.962	43 / 1.000	49.660	44 / 1.000
LUGO	8.097	25 / 1.000	8.074	25 / 1.000
OURENSE	9.401	31 / 1.000	8.409	28 / 1.000
PONTEVEDRA	39.918	42 / 1.000	39.194	41 / 1.000
GALICIA	105.378	39 / 1.000	105.337	39 / 1.000

A maioría das doazóns en Galicia prodúcese nas **unidades móbiles** e os grupos sanguíneos máis frecuentes son **A positivo** (38%) e **O positivo** (36%).

LUGAR DA DOAZÓN	2024	2025
LOCAIS DE DOAZÓN:	13,8 %	13,7 %
UNIDADES MÓBILES:	86,2 %	86,3 %
SEXO	2024	2025
HOMES:	53,7 %	53,8 %
MULLERES:	46,4 %	46,2 %
IDADE	2024	2025
18 – 22 anos:	10,5 %	10,5 %
23 – 32 anos:	14,1 %	13,8 %
33 – 42 anos:	18,2 %	17,5 %
43 – 52 anos:	30,3 %	29,9 %
53 – 70 anos:	26,9 %	28,3 %

GRUPO	DOANTES	
A+	28.545	38 %
A-	5.594	8 %
O+	26.307	36 %
O-	5.758	8 %
B +	4.157	6 %
B -	804	1,2 %
AB +	1.785	2,3 %
AB -	367	0,5 %

#unalentodevida

- ✓ O sangue **non se pode fabricar** e só é posible obtelo coa doazón de persoas solidarias que axudan a outras a recuperar a saúde.
- ✓ No verán, moitas persoas disfrutan das súas vacacións, pero miles de enfermos seguen a precisar da **solidariedade** dos seus veciños e veciñas.
- ✓ Busca **15 minutos** de tempo para doar sangue e salvar a vida de moitas persoas.
- ✓ Infórmate no teléfono gratuito **900 100 828**, na web **ados.sergas.gal** ou nas redes sociais de ADOS, para saber cando se achegan este verán as unidades móbiles de doazón de sangue a túa localidade.

Grazas ás persoas que doan sangue axudamos a
30.000 enfermos nos hospitais galegos en 2025

